

# Desexo de ser celtas

Armando Requeixo

O tema do celtismo é conto vello entre nós. Moito se leva porfiado sobre o asunto dende o tempo dos Rexionalistas ata hoxe mesmo. E claro, dende o puramente histórico, dende o arqueolóxico, mesmo dende a historia externa da lingua os datos son teimudos e por veces mesmo contraditorios. Seca-sí, esta polémica eterna continúa a engrosar as filas de encontrados exércitos de celtófilos contra celtófobos que, malia puntuais armisticios, seguen –e talvez seguirán por sempre– moi lonxe dunha *pax* científica incontrovertida.

Ora ben, a literatura é fariña doutro saqueto. No eido do ficcional a historia empiricamente contrastable, documentable, é o de menos. Ou, se se quer, é un referente máis, pero, dende logo, nunca un Moloch voraz ao que haxa que sacrificar a imaxinación, a pulsión artística que crea mundos propios e autónomos. Daquela, cando Pondal e os seus seguidores da Escola Formalista no XIX e logo Cabanillas, Bouza Brey e tantos outros na Pregarra e aínda os Méndez Ferrín ou Manuel María na Posguerra memoraban as xestas *féridas* dos fillos das tribos da Celtia o que neles gravitaba, como nos máis recentes Manuel Vilanova, Xavier Rodríguez Baixeras, Claudio Rodríguez Fer, Ramiro Fonte ou Xabier Cordal, non era primordialmente a verificabilidade do substrato histórico que funcionou como arxila poética, senón que a súa era unha adhesión mitémica, identitaria e sentimental. O celtismo literario comparece en todos eles mitificado, é unha lendahistoria que nos creadores do XIX serviu como legado sagrado nunha procura devecida dun imaxinario colectivo sólido que puidese constituírse en sinal de identidade inequivocamente diferenciador. Da súa parte, entre os nosos contemporáneos do XX e os coetáneos deste XXI non só exerce este papel, senón que a consciencia de poetizar, de narrar, xerar dramaturxia ou argumentar ensaisticamente verbo do universo celta é, tamén si, unha aposta pola asunción dunha tradición (socio)literaria comprometida cunha escrita simbolizada e arraigada dende xacando.

Á fin, pouco importa o que no pasado histórico de hai dous mil cincocentos anos acontecese. Importa, si, o que nós como pobo estamos dispostos a *crer* que pasou, o que cantamos e contamos que *pasou*. Velaí a profecía de autocumprimento: o noso desexo de ser celtas fainos ser celtas.